



Concello de Meaño

EXPEDIENTE: 270/2024

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO SERVIZO “LUDOCONCILIA MEAÑO NO VERÁN: SOMOS IGUAIS-CORRESPONSABILIDADE”.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Antecedentes:

Visto o expediente tramitado para adxudicar o contratato do servizo de “Ludoconcilia Meaño no verán: somos iguais-corresponsabilidade”, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, regulado no artigo 159.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os Pregos de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares e os Pregos de Cláusulas Prescricións Técnicas que rexerán neste contrato, aprobados pola Xunta de Goberno Local de data 13/05/2024.

Considerando que, a través do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no período de licitación convocado o día 14/05/2024 de xuño de 2024, mediante anuncio publicado no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (ID: 822583) e na páxina Web do Concello, cun prazo de presentación de ofertas cun prazo de presentación de ofertas de dez días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación no perfil de contratante do anuncio de licitación; rematando o prazo de presentación de ofertas ás 10:00 horas do día 30 de maio de 2024., presentou oferta a seguinte empresa:

- **LA FIESTERIA S.C.**

Considerando que, a Unidade técnica na súa reunión de data 03 de xuño de 2024, procede á apertura das ofertas, que son as seguintes:

- LA FIESTERIA S.C.:

1. PREZO OFERTADO:

SEN IVE.	IVE	TOTAL
31.583,43€	3.158,34 €	34.741,77€

O que supón unha baixa total sobre o prezo de licitación sen IVE de 327,08 € e con IVE de 359,79€.

2. MELLORAS:

2.1 Realización de 9 actividades en lingua inglesa (unha actividade semanal, cunha duración de 2 horas ao longo das 9 semanas que dura a ludoteca): pola realización de actividades en lingua inglesa cunha duración mínima de catro horas mensuais distribuídas semanalmente

Para a valoración deste criterio deberá quedar sinalado no Anexo II que se oferta e definido e concretado o contido e a distribución horaria semanal no proxecto lúdico-educativo.

2.2. Realización de sesións de contacontos, maxia, música a cargo de profesionais:

Mes xullo: un obradoiro de cocina (mércores 10 de xullo) e un mural coa participación dun artista (24 de xullo).

Mes agosto: participación dunha actriz profesional (2 de agosto e 14 de agosto) nunha contada e na gravación dunha cortametraxe.

2.1 SI - Limpeza das instalacións

A Unidade Técnica fai constar que a empresa **OCITEM ANIMACION SL** presenta escrito con data 30/05/2024, nº de entrada 2024-E-RE-886, no que fai constar: “*Erro en Silex na hora de asinar a documentación do contrato: Programación e xestión do servizo Ludoconcilia Meaño no Verán: Somos iguais-Corresponsabilidade (Exp. 270/2024).*”

Comunicación entre o organo de contratación e a plataforma informática de erros do Silex eles xa teñen os informes do erro causado

Solicitaron a carpeta cos arquivos de logs de .silex a esta dirección electrónica soporte-eservizos@xnta.gal”.

A vista do escrito presentado dende o concello se solicita informe ao CAU (Centro de





Concello de Meaño

Atención ao Usuarios da Xunta de Galicia) en relación ao ticket aberto pola empresa co número 2024053000005368, quedando rexistrado a apertura do seguinte Ticket:

Número	#2024053000007508
Data de creación	30/05/2024 – 10:57 (Europe / Madrid)
Asunto	SILEX – Concello de Meaño

A vista do que antecede, a Unidade Técnica deixa pendente a proposta de adxudicación a espera da recepción do informe do Centro de Atención ao Usuario e a súa consideración

Recibido con data 11 de xuño o informe e certificación do Centro de Atención a Usuarios, sobre a incidencia aberta pola empresa OCITEM ANIMACION S.L. nº 2024053000005368, no cal se recolle o seguinte:

“CERTIFICADO DE INTERRUPCIÓN DO SERVIZO

O Departamento de Coordinación e Calidade da Área para a Transformación Dixital da Facenda Autonómica da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como responsable da operación e administración tecnolóxica dos servizos de validación de certificados dos que son consumidores e dependentes outros servizos proporcionados á cidadanía

CERTIFICA:

Que o pasado 30/05/2024 detectouse unha situación transitoria de incapacidade na resposta de certos servizos proporcionados pola plataforma de validación de certificados (PVCE/@Firma federado), entre as 8:40 e as 10:00, de servizos fundamentais nos que se apoian outros aplicativos finais proporcionados á cidadanía, como é o caso concreto do SILEX.”

A vista do que antecede a Unidade técnica en sesión do 14/06/2024 acorda requerir a empresa OCITEM ANIMACION S.L. para que ata as 10:00 do día 17 de xuño, aporte a través da sede electrónica do concello de Meaño a documentación establecida na cláusula 9.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen neste procedemento de licitación. Tendo en conta que, a devandita documentación, deberá estar asinada dixitalmente dentro das datas establecidas na cláusula 9.2 do Prego de cláusulas administrativas como prazo de presentación de ofertas.

Con data 14 de xuño, rexistro de entrada nº 2024-E-RE-1024, a empresa OCITEM ANIMACION SL presenta a documentación requerida, comprobada pola unidade técnica en sesión do 17/06/2024, constátase que a mesma está asinada dixitalmente dentro do prazo establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no procedemento, sendo a oferta a seguinte:

- OCITEM ANIMACION S.L.:

1. prezo ofertado:

SEN IVE.	IVE	TOTAL
(En núm. e letra)	(En núm. e letra)	(En núm. e letra)
28.017,43€	2.801,74	30.819,17 €
Veintiocho mil diecisiete euros con cuarenta e tres céntimos	Dos mil ochocientos un euros con setenta e cuatro céntimos	Treinta mil ochocientos diecinueve euros con diecisiete euros

O que supón unha baixa total sobre o prezo de licitación sen IVE de 3.893,08€ (Tres mil ochocientos noventa e tres euros con oito céntimos) e con IVE de 4.282,39€. (Cuatro mil douscentos ochenta e dos euros con treinta e nove céntimos)

2. MELLORAS:

2.1 Realización de 2 horas semanais actividades en lingua inglesa: Obradoiro en Ingles todolos mércores e Actividades Creativas todolos venres

2.2. Realización de sesións de contacontos, maxia, música a cargo de profesionais:

Mes xullo 2 Mes agosto 2

Duas o mes: venres alternos Espectaculo de Maxia

2.3 SI - Limpeza das instalacións.

Trala apertura do sobre e na mesma sesión, a unidade técnica procede a:

a) Comprobar:





Concello de Meaño

- A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma: Constatándose a súa inscrición

- A documentación presentada: Considérase completa.

- Si a oferta pode resultar anormalmente baixa: Constatándose que non.

b) Avaliar e clasificar as ofertas, acadando o seguinte resultado:

OFERTA	LICITADOR	PRECIO OFERTADO SIN IVE	PUNTUACIÓN PRECIO (ATA 70 PUNTOS)	ACTIVI INGLÉS (ATA 8 PUNTOS)	ACTIVIDADES EXTRA (ATA 8 PUNTOS)	LIMPIEZA 14 PUNTOS	TOTAL
1	OCITEM ANIMACIÓN SL	28.017,43	70,00	8	8	14	100,00
2	LA FIESTERÍA SC	31.583,43	62,10	8	8	14	92,10

Acadando a mellor puntuación a empresa OCITEM ANIMACION SL, que resulta proposta para a adxudicación.

A vista do que antecede, en virtude do establecido polo artigo 159.4.4º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Mesa de contratación acorda requirir á empresa OCITEM ANIMACION S.L., para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, presente a seguinte documentación:

1. Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato.

2. Póliza de seguro, que deberá de presentar no Concello con anterioridade á formalización do contrato, que cubra todos os riscos posibles que puidesen producirse como consecuencia da prestación do servizo, incluíndo en todo caso os danos que poidan sufrir os bens e instalacións que se utilicen para a realización do proxecto “Ludoconcilia Meaño no verán: Somos Iguais”, e as posibles responsabilidades de todo tipo en que poida incurrir o adxudicatario/a, incluíndo a responsabilidade xeral por danos a terceiros.

En consecuencia o contratista adxudicatario/a deberá dispoñer de pólizas de seguro de responsabilidade civil e de accidentes, que cubra todas as actividades que se desenvolvan no proxecto, tanto para os seus traballadores adscritos á prestación do servizo obxecto de contratación, como para os/as menores participantes, coas seguintes coberturas:

*Seguro de accidentes con cobertura por falecemento, invalidez total, invalidez absoluta, invalidez parcial según baremos e asistencia sanitaria con centros concertados pola compañía ilimitado.

*Seguro de responsabilidade civil cunha contía mínima de 600.000,00 euros e cun sub-limite por vítima de 300.000,00 €.

Coa advertencia de que, se no prazo outorgado ao efecto, o candidato proposto como adxudicatario non presentase a devandita documentación efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación outorgándolle o correspondente prazo para aportación da documentación sinalada.

A unidade técnica en sesión celebrada o 28/06/2024 procede a revisión da documentación presentada por OCITEM ANIMACIÓN SL, a través dos RE nº 2024-E-RE-1122, 2024-E-RE-1134, 2024-E-RE-1135, 2024-E-RE-1136, 2024-E-RE-1138, constatando que non resulta acreditado o cumprimento por OCITEM ANIMACION S.L dos requisitos establecidos nos pregos que regulan esta contratación, polo que segundo lle foi notificado no requerimento de 17 de xuño de 2024.

En consecuencia, a unidade técnica formula proposta de adxudicación á favor da seguinte empresa con maior puntuación, LA FIESTERIA S.C., requirindo a mesma para que presente presente a seguinte documentación:

1. Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato.

2. Póliza de seguro, que deberá de presentar no Concello con anterioridade á formalización do contrato, que cubra todos os riscos posibles que puidesen producirse como consecuencia da prestación do servizo, incluíndo en todo caso os danos que poidan sufrir os bens e instalacións que se utilicen para a realización do proxecto “Ludoconcilia Meaño no verán: Somos Iguais”, e as posibles responsabilidades de todo tipo en que poida incurrir o adxudicatario/a, incluíndo a responsabilidade xeral por danos a terceiros.

En consecuencia o contratista adxudicatario/a deberá dispoñer de pólizas de seguro de responsabilidade civil e de accidentes, que cubra todas as actividades que se desenvolvan no proxecto, tanto para os seus traballadores adscritos á prestación do servizo obxecto de contratación, como para os/as menores participantes, coas seguintes coberturas:





Concello de Meaño

*Seguro de accidentes con cobertura por falecemento, invalidez total, invalidez absoluta, invalidez parcial según baremos e asistencia sanitaria con centros concertados pola compañía ilimitado.

*Seguro de responsabilidade civil cunha contía mínima de 600.000,00 euros e cun sub-limite por vítima de 300.000,00 €.

Vista a documentación presentada pola empresa LA FIESTERÍA S.C., mediante RE 2024-E-RE-1144, 2024-E-RE-1154 e 2024-e-RE-1161, a mesma se considera completa.

Fundamentos xurídicos.

1.- De conformidade co artigo 159.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, presentada a garantía definitiva e previa fiscalización do compromiso do gasto pola intervención nun prazo non superior a cinco días, procederase a adxudicar o contrato en favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose, unha vez adxudicado, a súa formalización.

2.- Segundo o establecido no artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

3. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo publicarse no perfil do contratante no prazo de 15 días.

4. De conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, correspóndelle á Alcaldía a adxudicación deste contrato.

A vista do que antecede, e dos informes obrantes no expediente, esta Alcaldía, de conformidade co disposto na DA Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, **RESOLVO**:

1º/ Adxudicar o contrato do servizo “Ludoconcilia Meaño no verán: somos iguais-corresponsabilidade”, coas melloras que ofrece, a FIESTERIA SC, (CIF J42951095) polo prezo de 34.741,77 €, IVE incluído; tendo en conta que o servizo se executará conforme aos Pregos de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares e o Prego de Cláusulas Técnicas que rexén no contrato e a oferta formulada.

2º/ Notifica-la adxudicación á LA FIESTERIA SC e requiri-lo para que nos cinco días hábiles seguintes ao da notificación da adxudicación a acepte esta contratación.

3º/ Dispoñer o gasto con cargo á aplicación presupostaria do Orzamento Municipal vixente:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Total
2024	2317.22799	34.741,77 €

4º/ Publicar a adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

5º/Designar como encargada do seguimento da execución desta prestación a infomadora xuvenil.

(Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe)

